



## **Comunicado oficial da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial - CULTURMAR sobre o falecemento de Staffan Mörling**

Onte coñecemos a triste nova do falecemento do etnógrafo e antropólogo sueco Staffan Mörling.

O seu nome vai ligado de maneira íntima a máis de medio século da historia recente da cultura e do patrimonio marítimo galego.

Podemos afirmar, sen ningunha dúbida, que desde que en 1964 Staffan visitou por primeira vez o noso país, da man de César Portela, nada volveu ser igual para a cultura mariñeira galega. Staffan soubo recoñecer o valor único daqueles barcos de madeira, "os barcos dos pobres", en perigo de desaparecer debido á expansión das novas técnicas e materiais de construción, medios de propulsión e regras de mercado, que fixeron que dornas, xeiteiras, buquetas, gamelas, carochos ... corresen o risco de caer no esquecemento.

Coa súa recalada en terras de Bueu e o descubrimento de todo un universo cultural na illa de Ons, Staffan erixiuse de xeito inmediato no primeiro e gran embaixador da cultura mariñeira galega en Europa e no mundo. Os seus estudos por todo o litoral galego, do Eo ao Miño, puxeron os saberes e técnicas das nosas xentes do mar no lugar que lles correspondía por dereito propio, desde as técnicas construtivas tradicionais dos carpinteiros de ribeira ás formas de navegar e tratar os barcos e ao léxico propio das embarcacións e das faenas.

O libro "As Embarcacións Tradicionais de Galicia" converteuse na biblia seminal do patrimonio marítimo galego e frutificou da maneira sublime no movemento pola súa recuperación, preservación, promoción e posta en valor, encarnado a día de hoxe en medio cento de colectivos espallados por todo o país e federados na FGCMF - Culturmar, que custodian unha das flotas tradicionais máis ricas de Europa, tanto polo número de barcos que navegan polas nosas rías e abras, como pola diversidade e riqueza das máis de vinte tipoloxías que se manteñen vivas, tripuladas por novos e vellos, e que son estampa única e distinta do noso mar, sexan propios ou visitantes.

Staffan namorouse do noso país, do noso mar, das nosas dornas, de Bueu, de Ons e de Chefa. E xa foi por sempre o noso fillo adoptivo.

Queremos manifestar o noso máis profundo agradecemento a quen, con xenerosidade, puxo todo o seu valor humano e científico ao servizo dunha cultura que se mantén hoxe viva grazas a el, á vez que queremos enviar, en nome de Culturmar e de todos os colectivos que a forman, unha sentida aperta á súa viúva Chefa, familiares e demais persoas achegadas, na seguridade de que todo o seu esforzo e cariño non foi en balde.

Hoxe despedimos ao noso tripulante máis querido, coa tristeza da perda máis co corazón alegre por sermos parte dunha páxina tan importante da historia da nosa cultura como a que Staffan comezou e que permanece inacabada.

Amigo Staffan, foi un orgullo e un privilexio contar contigo na tripulación do noso barco. De seguro, os ventos que inchan as nosas velas sempre che serán favorables.